

Antón Risco, en fin.

Anxo Tarrío Varela

Ontes cumpriuse un ano do pasamento de Antón Risco. Foi el un importante teórico da literatura, concretamente da literatura fantástica, á que lle ten dedicado intelixentes e moi amenas páxinas. Por mágoa, o desenvolvemento fundamental da súa profesión tivo que realizalo fóra de Galicia e, xa que logo, noutras linguas, como o castelán e o francés, pois estivo de profesor en Toulouse, Estados Unidos e, sobre todo, na Universidade Laval de Québec. Pero nos últimos dez ou doce anos da súa vida Antón Risco deitou todo o seu saber e a súa imaxinación nunha serie de publicacións que tiveron como vehículo a lingua galega. E non foi pouco o que escribiu en tan cativo treito de tempo. Mesmo semella que unha enorme avidez creativa, unha pulsión irrefreábel comezou a animalo nun intre determinado para recuperar o tempo perdido. Unha pulsión quizais nacida nas escuras rexións dun remorso que lle debeu medrar súbito ao se ver con sesenta anos (el nacera en 1926) sen obra que presentar algún día nos ceos de Breogán.

Foi así como sacou á luz en 1986 *Memorias dun emigrante*, que lle valeu o Premio Nacional da Crítica, e xa non parou de publicar e de escribir en galego, até a súa morte, libros e máis libros. Botando unha ollada pola biblioteca, sen me erguer do sillón dende o que estou a escribir contabilizo, así, a ollo, non menos de doce títulos entre novelas, coleccións de relatos e tratados teóricos. Iso sen contar outros que neste mesmo período publicou en castelán. E por riba aínda deixou obra inédita que está a ser recuperada e sacada a luz. Na Fundación Vicente Risco, que ten a súa sede na que fora casa familiar en Allariz (grazas, por certo, ás xenerosas dilixencias do Concello rexido por Anxo Quintana), están a catalogarse os fondos provenientes dos arquivos familiares e alí están a aparecer cousas e máis cousas de Antón, pois foi el fillo do gran don Vicente. Mesmo de seguro aparecerán poemas visuais, aos que era afeccionado non sei dende cando.

Coñecín a Antón nestes anos de creatividade e voraz traballo. No derradeiro treito da súa vida, por tanto. Pero enraizou unha amizade que non por serodia foi menos profunda. E todo grazas a el: home falador e afábel, cheo de sentido do humor, tolerante, creativo e fundamentalmente bo, incapaz de lle facer mal a ninguén. Neste sentido, desprendía a cara de Antón, que era como a bola da baralla, digo como o As de Ouro, unha especie de luminosidade infantil e inxenua de bondade que propiciaba a confianza e invitaba a deixar as armas de portas para fóra.

Nunha ocasión pasamos xuntos o fin de semana en Portosín. Facía bo tempo e puidemos gozar de longas sentadas no xardín da casa. Falou e falou e falou. Falou os sete falares, como se das raíces do mundo lle

viñesen á boca todas as palabras para nos regalar aos que o escoitabamos. Foron dous días de moito falar e de moito baleirar o corazón e a memoria. Agora recordo que tiña el un “tic” lingüístico que repetía mil veces por hora: “en fin...”, dicía decote. Pois, en fin, Antón, por aquí andamos un ano despois a lembrar a túa bonhomía e intelixencia. En fin...

*El Correo Gallego, 7-febreiro-1999*